

BASES DA VII EDICIÓN DO CAMPIONATO DE PESCA “CABO VILÁN” EN CAMARIÑAS (05/03/2016)

Para poder participar os pescadores que contarán coa correspondente licenza de pesca e coa licenza federativa, de non contar con ela, esta será facilitada pola organización, a que se lle deben de facilitar os datos persoais unha semana antes da proba, por mor de tramitar o seguro correspondente.

ESCENARIO

O escenario será dende o Monte Pedrosa- A Praia de Trece. Para a saída haberá dous puntos de encontro.; 1.-Portela de Reira; 2.- Cemiterio dos Ingleses. A organización dependendo do número de participantes poderá modificar as zonas de pesca o mesmo dia da competición.

NORMAS DE DESENVOLVEMENTO

As 8:00 horas do **05/03/2016** os participantes estarán na Lonxa de Camariñas para a presentación do programa. O Campionato constara de 2 mangas, que serán de 9:30 da mañán ata 13:00 horas , das 13:30 ás 15:00 horas a comida. A segunda manga será das 15:00 horas ás 18:30 horas. Levaranse as capturas para lonxa para facer o pesado e determinar a puntuación segundo as bases.

Os participantes non poderán estar na zona de pesca antes do sinal “inicio de proba”. O sinal de “fin de proba” é obligatorio o cese inmediato da acción de pesca, debendo retirarse a cana cobrando normalmente o aparello.

CONTROIS

A Asociación organizadora disporá dos controis que considere necesarios.

NORMAS DE COMPORTAMENTO

- 1.-Nas competicións de lance, (en praia) non se permite entrar na auga.
- 2.- A posición do participante, unha vez efectuado o lance, debe estar na parte seca do borde da auga, desde onde exercitará a acción de cravado e loita coas pezas cravadas.
- 3.- O lance pode realizarse desde calquera posición dentro do posto de pesca, realizados sempre en dirección e dentro do seu espazo de mar delimitado pola prolongación imaxinaria do seu posto. Quedan prohibidos os lances oblicuos.
- 4.- Prohibírese, así mesmo, calquera lance realizado por detrás doutro participante contigo. Dende as rochas terase en conta únicamente a seguridade dos participantes.
- 5.- O Xuíz ou os controis poderán corrixir se é o caso a posición ou distancia do mar.

MATERIAL DEPORTIVO

- 1.- O chumbo será de 60 gr. Mínimo e deberá sempre tocar fondo. CANAS. Autoriza o uso de dúas canas en acción de pesca. As cañas de reserva, sen limitación, poden estar montadas, con ou sen carrete, pero non co aparello ou baixo de liña.
- 2.- CARRETES. É opcional o tipo de carrete, xa sexa de bobina fixa ou xiratoria. Nas probas de lanzado usarase carrete recuperador.
- 3.- LIÑAS. Libres tanto en diámetro, como na súa composición.
- 4.- BAIXOS DE LIÑA. Son libres en dimensión, diámetro e composición. Soamente poderán ir provistos dun máximo de tres amocelos. Permítese : Ter dispostos e provistos de isco cantos baixos de liña considere necesarios. Utilizar, sempre fóra do amocelo, materias atraentes como perlas e plumas coloradas, pezas fluorescentes, etc. Non se permite: Colocar nos baixos de liña, elementos olorosos.
- 5.- FLOTADORES. Prohibírese o uso de flotadores nas probas de lanzado.
- 6.- CEBOS. Poderán utilizarse toda clase de cebos naturais ou de orixe orgánico autorizados polo Organismo competente en materia de pesca marítima. Queda prohibido o cebado das augas na pesca de lanzado. Se as circunstancias de índole administrativo, limitasen determinados cebos, a organización, previa autorización do Comité, porao en coñecemento dos participantes con anterioridade á data de inscrición.

CAPTURAS

- 1.- Considéranse válidas: As que cumplan a medida mínima legal establecida polo Organismo Autonómico competente como especies obxecto de pesca para a Competición, obtidas en tempo e forma; a tal obxecto, os participantes deberán levar utensilios para medir as pezas. A que fosse extraída por varios amocelos e aparellos de diferentes participantes, computárselle como captura válida ó participante que teña enganchada co seu amocelo a peza pola boca.
- 2.- Non se considerarán válidas: As pezas que teñan más de un amocelo na boca ou fóra dela de distintos participantes. As que non superen a medida legal establecida. Os peixes manipulados ostensiblemente. A presentación na pesaxe de capturas non válidas, faculta ao Xuíz ou Xuíces da competición para descalificar as pezas e deducir a puntuación que lles correspondería en caso de ser consideradas como válidas.
- 3.- Las especies que no vengan reflejadas en la tabla de medidas mínimas legales de la Consellería tendrán una medida mínima de 10 cm.
- 4.- As capturas presentadas a pesaxe estarán libres de area, argazo, restos de aparellos, auga o calquera outros corpos alleos ás capturas mesmas.
- 5.- Cada participante poderá levar as súas propias capturas ou se non, éstas serán donadas a Cáritas Parroquial de Camariñas.

CLASIFICACIÓNS

1.- Establécense as seguintes puntuacións para as diferentes capturas :

Grupo A: Robaliza, Dourada, Sargo, Choupa e Pargo. Terán CINCO puntos por gramo de peso.

Grupo B: Pintos e Maragotas que superen ou igualen o peso de 1 Kg terán TRES puntos por gramo de peso.

Todos os demais peixes que non se atopen dentro destes grupos ou que non superen o 1 Kg, son da clase B terán UN PUNTO por GRAMO do peso total de capturas válidas.

2.- As clasificacións faranse por zonas (sectores) e por mangas.

3.- Clasificación individual tendo en conta as capturas válidas e o seu peso. En caso de empate: Na clasificación individual por manga: desempatarase pola peza maior, e se continúa a empate asignaráselles o mesmo posto. Na clasificación final individual: Se hai empate na suma de postos das diferentes mangas terase en conta : O participante que obtivese un mellor posto nas mangas.

PREMIOS

1º 500,00 Puntos

2º 300,00 Puntos

3º RELOXO

PREMIOS ESPECIAIS

PREMIO A MAIOR CAPTURA: 200 puntos

PREMIO O 1º CLASIFICADO DO CONCELLO DE CAMARIÑAS*:

- CANA

*Este premio non poderá ser concedido a ningún dos dous primeiros premiados.

ORGANIZADOR:

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS E DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE CAMARIÑAS

COLABORADORES:

FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA

CONCELLO DE CAMARIÑAS

COFRADÍA DE PESCADORES DE CAMARIÑAS

PATROCINADORES:

INDUSTRIAS CERDEIMAR

RECREATIVOS GRIFOMAR

XOIERIA A CARAMIÑA

MUEBLES SAMBADE

JUANA'S SPORT

RICARDO MAS E HIJOS

CONSTRUCCIONES CASAL

CONSTRUCCIONES PIRUCHO

CARPINTERÍA ALBERTO

AUTOS FONDO

ESTRELLA GALICIA

PRAZO DE INSCRICIÓN: 06/02/2016 ata o 03/03/2016 ás 12:00h

Nº TELÉFONO: 647.60.81.58 - 647.39.80.23

CORREO ELÉCTRONICO: asociacionempresarioscamarinas@gmail.com

BLOG: <http://asociacionempresarioscamarinas.blogspot.com>

WEB: www.farovilan.com (apartado novedades en portada e noticias)

FACEBOOK: [Aept Camariñas](https://www.facebook.com/Aept.Camarinas)

INSCRICIÓN : 50,00 € (inclúe licenza federativa, comida e cea con pinchos durante a entrega de premios).

Se xa dispoña de licenza federativa para o 2016 a inscrición son 35,00€.

INGRESO Nº CTA: ES10 2080-0061-53-3040002859

Unha vez cuberta a inscrición e feita a transferencia bancaria pregase envíen por correo electrónico a inscrición e o recibo bancario para confirmar asistencia

VIII CAMPIONATO DE PESCA DE CAMARIÑAS

05/03/2016

FOLLA DE INSCRICIÓN:

NOME:

APELIDOS:

DNI (axuntar fotocopia):

DATA DE NACEMIENTO:

DIRECCIÓN COMPLETA:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

Nº LICENZA FEDERATIVA (axuntar fotocopia):

Firma y fecha